

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**20141** *Real decreto 1788/2010, do 30 de decembro, polo que se modifican os regulamentos dos impostos sobre a renda das persoas físicas, sobre sociedades e sobre a renda de non-residentes en materia de rendas en especie, dedución por investimento en vivenda e pagamentos á conta.*

Este real decreto modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, en materia de rendas en especie, dedución por investimento en vivenda habitual e pagamentos á conta, e os regulamentos do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, e do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto 1776/2004, do 30 de xullo, en materia de pagamentos á conta.

O real decreto estrutúrase en tres artigos e unha disposición derradeira.

O artigo primeiro modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, establecendo, en primeiro lugar, conforme a habilitación contida no artigo 42.2 h) da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, os requisitos das fórmulas indirectas de pagamento ás entidades encargadas de prestaren o servizo público de transporte colectivo dos traballadores entre o seu lugar de residencia e o seu centro de traballo. En concreto, tales requisitos desenvólvense mediante a incorporación dun novo artigo 46 bis no regulamento do imposto.

En segundo lugar, e conforme as habilitacións contidas nos artigos 68.1.1.º, 99.2, 99.7 e 101.1 da Lei do imposto, introdúcense as modificacións pertinentes para adaptar a regulación regulamentaria en materia de contas vivenda, de determinación das retencións e ingresos á conta practicables sobre os rendementos do traballo e sobre determinados rendementos do capital mobiliario e do importe dos pagamentos fraccionados, á nova escala xeral de gravame e á nova regulación da dedución por investimento en vivenda que resultarán aplicables no exercicio 2011.

Desta maneira, modifícase o artigo 56.2 do regulamento para aclarar que, para os exclusivos efectos de coñecer se se destinou correctamente o saldo da conta vivenda, non se debe ter en conta a nova limitación que, en función dos importes da base impositiva do contribuínte, condiciona o desfrute da futura dedución por investimento na vivenda en que investise o citado saldo.

Ademais, en materia de pagamentos á conta, por unha parte, modifícanse os artigos 85.1.1.º e 87.5 do regulamento do imposto, para aprobar a nova escala de retencións que resultará aplicable en 2011 para calcular o tipo de retención aplicable aos rendementos do traballo, quedando fixado o tipo máximo de retención no 45 por cento. Por outra parte, modifícanse os artigos 86.1, 88.1 e 110.3 do Regulamento do imposto para fixar en 22.000 euros o novo importe dos rendementos do traballo ou de actividades económicas que permiten anticipar a futura dedución por investimento en vivenda ao cálculo do tipo de retención ou do pagamento fraccionado. Non obstante, o citado límite elévase a 33.007,20 euros para os contribuíntes que poidan seguir desfrutando da dedución por investimento en vivenda sen tomar en consideración o importe das súas bases impositivas, mediante a incorporación dunha disposición transitoria décimo primeira no regulamento do imposto. Por último, modifícanse os artigos 75.3 h), 76.2 e 93.5 coa finalidade de someter a retención as cantidades percibidas nos supostos de repartición da prima de emisión de accións ou redución de capital social con devolución de achegas efectuadas por sociedades de investimento de capital variable e outros organismos de investimento colectivo.

O artigo segundo modifica os artigos 58, 59, 60 e 62 do Regulamento do imposto sobre sociedades, coa finalidade de someter a retención as cantidades percibidas nos supostos de repartición da prima de emisión de accións ou redución de capital social con devolución de achegas efectuadas por sociedades de investimento de capital variable e outros organismos de investimento colectivo.

Coa mesma finalidade, o artigo terceiro modifica os artigos 10 e 11 do Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto 1776/2004, do 30 de xullo.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de decembro de 2010,

DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo:

Un. Engádesse un novo artigo 46 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 46 bis. *Fórmulas indirectas de pagamento do servizo público de transporte colectivo de viaxeiros.*

1. Para efectos do previsto no artigo 42.2 h) da Lei do imposto, terán a consideración de fórmulas indirectas de pagamento de cantidades ás entidades encargadas de prestar o servizo público de transporte colectivo de viaxeiros a entrega aos traballadores de tarxetas ou calquera outro medio electrónico de pagamento que cumpra os seguintes requisitos:

1.º Que se poidan utilizar exclusivamente como contraprestación pola adquisición de títulos de transporte que permitan a utilización do servizo público de transporte colectivo de viaxeiros.

2.º A cantidade que se poida aboar con elas non poderá exceder 136,36 euros mensuais por traballador, co límite de 1.500 euros anuais.

3.º Deberán estar numeradas, expedidas de forma nominativa e nelas deberá figurar a empresa emisora.

4.º Serán intransmisibles.

5.º Non se poderá obter, nin da empresa nin de terceiro, o reembolso do seu importe.

6.º A empresa que entregue as tarxetas ou o medio electrónico de pagamento deberá levar e conservar relación das entregadas a cada un dos seus traballadores, con expresión de

a) Número de documento.

b) Contía anual posta ao dispor do traballador.

2. No suposto de entrega de tarxetas ou medios de pagamento electrónicos que non cumpran os requisitos previstos no número 1 deste artigo, existirá retribución en especie pola totalidade das contías postas ao dispor do traballador. Non obstante, en caso de incumprimento dos límites sinalados no ordinal 2.º do número 1 anterior, unicamente existirá retribución en especie polo exceso.»

Dous. O número 2 do artigo 56 queda redactado da seguinte forma:

«2. Perderase o dereito á dedución:

a) Cando o contribuínte dispoña de cantidades depositadas na conta vivenda para fins diferentes da primeira adquisición ou rehabilitación da súa vivenda habitual. En caso de disposición parcial entenderase que as cantidades dispostas son as primeiras depositadas.

b) Cando transcorran catro anos a partir da data en que foi aberta a conta sen que se adquirise ou rehabilitase a vivenda.

c) Cando a posterior adquisición ou rehabilitación da vivenda non cumpra as condicións que determinan o dereito á dedución por ese concepto, sen tomar en consideración para estes efectos a contía da base impositiva do contribuínte correspondente ao período impositivo en que se adquira ou rehabilite a vivenda ou aos períodos impositivos posteriores.»

Tres. A letra h) do número 3 do artigo 75 queda redactada da seguinte forma:

«h) Os rendementos procedentes da devolución da prima de emisión de accións ou participacións e da redución de capital con devolución de achegas, salvo que procedan de beneficios non distribuídos, de acordo co previsto no segundo parágrafo do artigo 33.3 a) da Lei do imposto.

Non obstante, existirá obriga de practicar retención ou ingreso á conta sobre os rendementos do capital mobiliario a que se refire o primeiro parágrafo do artigo 94.1 c) da Lei do imposto, así como sobre o importe da prima de emisión a que se refire o artigo 94.1 d) da Lei do imposto procedente de sociedades de investimento de capital variable constituídas conforme a Lei de institucións de investimento colectivo.

O disposto no parágrafo anterior resultará igualmente de aplicación cando tales rendementos procedan dos organismos de investimento colectivo previstos no artigo 94.2 da Lei do imposto.»

Catro. Engádesse unha letra g) ao número 2 do artigo 76, que queda redactada da seguinte forma:

«g) Nos supostos de redución de capital social con devolución de achegas e distribución da prima de emisión de accións previstos no segundo parágrafo do artigo 75.3 h) deste regulamento, deberán practicar retención ou ingreso á conta:

1.º No caso de sociedades de investimento de capital variable reguladas na Lei de institucións de investimento colectivo, a propia sociedade.

2.º No caso de institucións de investimento colectivo a que se refire o artigo 94.2 a) da Lei do imposto, as entidades comercializadoras ou os intermediarios facultados para comercializaren as accións ou participacións daquelas e, subsidiariamente, a entidade ou entidades encargadas da colocación ou distribución dos valores, que interveñan no pagamento das rendas.

3.º No caso de organismos de investimento colectivo previstos no artigo 94.2 b) da Lei do imposto, a entidade depositaria dos valores ou que teña encargada a xestión de cobramento das rendas derivadas deles.

4.º Nos supostos en que non proceda a práctica de retención ou ingreso á conta conforme os parágrafos anteriores, estará obrigado a efectuar un pagamento á conta o socio ou partícipe que reciba a devolución das achegas ou a distribución da prima de emisión. O mencionado pagamento á conta efectuarase de acordo coas normas contidas nos artigos 90, 93.5 e 94.1 deste regulamento.»

Cinco. O ordinal 1.º do número 1 do artigo 85 queda redactado da seguinte forma:

«1.º Á base para calcular o tipo de retención a que se refire o artigo 83 deste regulamento aplicaráselle os tipos que se indican na seguinte escala:

Base para calcular o tipo de retención – Ata euros	Cota de retención – Euros	Resto base para calcular o tipo de retención – Ata euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0,00	0,00	17.707,20	24
17.707,20	4.249,73	15.300,00	28
33.007,20	8.533,73	20.400,00	37
53.407,20	16.081,73	66.593,00	43
120.000,20	44.716,72	55.000,00	44
175.000,20	68.916,72	En diante.	45»

Seis. O número 1 do artigo 86 queda redactado da seguinte forma:

«1. O tipo de retención, que se expresará con dous decimais, obterase multiplicando por 100 o cociente obtido de dividir a diferenza positiva entre o importe previo da retención e a contía da dedución a que se refire o artigo 85 bis deste regulamento, pola contía total das retribucións a que se refire o artigo 83.2 do presente regulamento.

Entenderase por importe previo da retención o resultante de aplicar o tipo previo de retención á contía total das retribucións a que se refire o artigo 83.2 do presente regulamento.

O tipo previo de retención será o resultante de multiplicar por 100 o cociente obtido de dividir a cota de retención pola contía total das retribucións a que se refire o artigo 83.2 deste regulamento, expresándose en números enteiros. Nos casos en que o tipo previo de retención non sexa un número enteiro, arredondarase por defecto se o primeiro decimal é inferior a cinco, e por exceso cando sexa igual ou superior a cinco.

Cando for cero ou negativa a diferenza entre a base para calcular o tipo de retención e o mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención, ou a diferenza entre o importe previo da retención e a contía da dedución a que se refire o artigo 85 bis deste regulamento, o tipo de retención será cero.

Cando a contía total das retribucións a que se refire o artigo 83.2 deste regulamento sexa inferior a 22.000 euros e o contribuínte, de acordo co disposto no artigo 88.1 deste regulamento, tiver comunicado ao seu pagador que destina cantidades para a adquisición ou rehabilitación da súa vivenda habitual utilizando financiamento alleo polas cales vaia ter dereito á dedución por investimento en vivenda habitual regulada no artigo 68.1 da Lei do imposto, o tipo de retención reducirase en dous enteiros, sen que poida resultar negativo como consecuencia de tal minoración.»

Sete. O número 5 do artigo 87 queda redactado da seguinte forma:

«5. O tipo de retención, calculado de acordo co procedemento previsto no artigo 82 deste regulamento, non se poderá incrementar cando se efectúen regularizacións por circunstancias que exclusivamente determinen unha diminución da diferenza positiva entre a base para calcular o tipo de retención e o mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención ou por quedar obrigado o perceptor por resolución xudicial a satisfacer anualidades por alimentos en favor dos fillos e resulte aplicable o previsto no número 2 do artigo 85 deste regulamento.

Así mesmo, nos supostos de regularización por circunstancias que determinen exclusivamente un aumento da diferenza positiva entre a base para calcular o tipo de

retención e o mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención previa á regularización, o novo tipo de retención aplicable non poderá determinar un incremento do importe das retencións superior á variación producida na dita magnitude.

En ningún caso, cando se produzan regularizacións, o novo tipo de retención aplicable poderá ser superior ao 45 por cento. A citada porcentaxe será o 23 por cento cando a totalidade dos rendementos do traballo se obtivesen en Ceuta e Melilla e se beneficien da dedución prevista no artigo 68.4 da Lei do imposto.»

Oito. O número 1 do artigo 88 queda redactado da seguinte forma:

«1. Os contribuíntes deberán comunicar ao pagador a situación persoal e familiar que inflúe no importe exceptuado de reter, na determinación do tipo de retención ou nas regularizacións deste, quedando obrigado, así mesmo, o pagador a conservar a comunicación debidamente asinada.

A comunicación a que se refire o parágrafo anterior tamén se poderá efectuar por medios telemáticos ou electrónicos sempre que se garantan a autenticidade da orixe, a integridade do contido, a conservación da comunicación e a accesibilidade e ela por parte da Administración tributaria.

Para efectos de poder aplicar a redución do tipo de retención prevista no derradeiro parágrafo do artigo 86.1 deste regulamento, o contribuínte deberá comunicar ao pagador que está destinando cantidades para a adquisición ou rehabilitación da súa vivenda habitual utilizando financiamento alleo, polas cales vaia ter dereito á dedución por investimento en vivenda habitual regulada no artigo 68.1 da Lei do imposto, quedando igualmente obrigado o pagador a conservar a comunicación debidamente asinada.

No suposto de que o contribuínte perciba rendementos do traballo procedentes de forma simultánea de dous ou máis pagadores, soamente poderá efectuar a comunicación a que se refire o parágrafo anterior cando a contía total das retribucións correspondente a todos eles sexa inferior a 22.000 euros. No suposto de que os rendementos do traballo se perciban de forma sucesiva de dous ou máis pagadores, soamente se poderá efectuar a comunicación cando a contía total da retribución sumada á dos pagadores anteriores sexa inferior a 22.000 euros.

En ningún caso procederá a práctica desta comunicación cando as cantidades se destinen á construción ou ampliación da vivenda ou a contas vivenda.

O contido das comunicacións axustarase ao modelo que se aprobe por resolución do Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria.»

Nove. O número 5 do artigo 93 queda redactado da seguinte forma:

«5. Nas percepcións derivadas de contratos de seguro e nas rendas vitalicias e outras temporais que teñan por causa a imposición de capitais, así como nos supostos de redución de capital social con devolución de achegas e distribución da prima de emisión de accións previstos no segundo e terceiro parágrafo do artigo 75.3 h) deste regulamento, a base de retención será a contía integrable na base imponible calculada de acordo coa Lei do imposto.»

Dez. O número 3 do artigo 110 queda redactado da seguinte forma:

«3. Da cantidade resultante por aplicación do disposto nos números anteriores, poderanse deducir, se for o caso:

a) As retencións practicadas e os ingresos á conta efectuados correspondentes ao período de tempo transcorrido desde o primeiro día do ano ata o último día do trimestre a que se refire o pagamento fraccionado, cando se trate de:

1.º Actividades profesionais que determinen o seu rendimento neto polo método de estimación directa, en calquera das súas modalidades.

2.º Arrendamento de inmobles urbanos que constituía actividade económica.

3.º Cesión do dereito á explotación da imaxe ou do consentimento ou autorización para a súa utilización que constituía actividade económica, e demais rendas previstas no artigo 75.2 b) do presente regulamento.

b) As retencións practicadas e os ingresos á conta efectuados conforme o disposto nos artigos 95 e 104 deste regulamento correspondentes ao trimestre, cando se trate de:

1.º Actividades económicas que determinen o seu rendemento neto polo método de estimación obxectiva. Non obstante, cando o importe das retencións e ingresos á conta soportados no trimestre sexa superior á cantidade resultante por aplicación do disposto nas letras b) e c) do número 1 anterior, así como, se for o caso, do disposto no número 2 anterior, poderase deducir esa diferenza en calquera dos seguintes pagamentos fraccionados correspondentes ao mesmo período impositivo cuxo importe positivo o permita e ata o límite máximo dese importe.

2.º Actividades agrícolas, gandeiras ou forestais non incluídas no número 1.º anterior.

c) O importe obtido de dividir entre catro o importe da dedución por obtención de rendementos de actividades económicas para efectos do pagamento fraccionado a que se refire o número 5 deste artigo. Non obstante, cando o importe sexa superior á cantidade resultante por aplicación do disposto nos puntos anteriores e nas letras a) e b) deste punto, a diferenza poderase deducir en calquera dos seguintes pagamentos fraccionados correspondentes ao mesmo período impositivo cuxo importe positivo o permita e ata o límite máximo dese importe.

A minoración prevista nesta letra non resultará de aplicación a partir do primeiro trimestre en que os contribuíntes perciban rendementos do traballo aos cales resulte de aplicación o procedemento xeral de retención previsto no artigo 82 deste regulamento, sempre que a contía total da retribución a que se refire o artigo 83.2 deste regulamento sexa superior a 10.000 euros anuais. Así mesmo, esta minoración non resultará de aplicación a partir do primeiro trimestre en que a suma das magnitudes a que se refiren as letras a), b) e c) do número 5 deste artigo, correspondentes ao período de tempo transcorrido desde o primeiro día do ano ata o último día do trimestre a que se refire o pagamento fraccionado, sen elevación ao ano, sexa superior a 12.000 euros.

d) Cando os contribuíntes destinen cantidades para a adquisición ou rehabilitación da súa vivenda habitual utilizando financiamento alleo, polas cales vaian ter dereito á dedución por investimento en vivenda habitual regulada no artigo 68.1 da Lei do imposto, as contías que se citan a seguir:

1.º Tratándose de contribuíntes que exerzan actividades incluídas no método de estimación directa, en calquera das súas modalidades, cuxos rendementos íntegros previsibles do período impositivo sexan inferiores a 22.000 euros, poderase deducir o 2 por cento do rendemento neto correspondente ao período de tempo transcorrido desde o primeiro día do ano ata o último día do trimestre a que se refire o pagamento fraccionado.

Para estes efectos consideraranse como rendementos íntegros previsibles do período impositivo os que resulten de elevar ao ano os rendementos íntegros correspondentes ao primeiro trimestre.

En ningún caso se poderá practicar unha dedución por un importe superior a 440 euros en cada trimestre.

2.º Tratándose de contribuíntes que exerzan actividades incluídas no método de estimación obxectiva cuxos rendementos netos resultantes da aplicación dese método en función dos datos base do primeiro día do ano a que se refire o pagamento fraccionado ou, en caso de inicio de actividades, do día en que estas comezasen, sexan inferiores a 22.000 euros, poderase deducir o 0,5 por cento dos citados

rendementos netos. Non obstante, cando non se puiden determinar ningún dato base, aplicarase a dedución prevista no ordinal 3.º desta letra sobre o volume de vendas ou ingresos do trimestre.

3.º Tratándose de contribuíntes que exerzan actividades agrícolas, gandeiras, forestais ou pesqueiras, calquera que for o método de determinación do rendimento neto, cuxo volume previsible de ingresos do período impositivo, excluídas as subvencións de capital e as indemnizacións, sexa inferior a 22.000 euros, poderase deducir o 2 por cento do volume de ingresos do trimestre, excluídas as subvencións de capital e as indemnizacións.

Para estes efectos considerárase como volume previsible de ingresos do período impositivo o resultado de elevar ao ano o volume de ingresos do primeiro trimestre, excluídas as subvencións de capital e as indemnizacións.

En ningún caso se poderá practicar unha dedución por un importe acumulado no período impositivo superior a 440 euros.

As deducións previstas nesta letra d) non resultarán de aplicación cando os contribuíntes exerzan dúas ou máis actividades comprendidas en ordinais distintos, nin cando perciban rendementos do traballo e efectuasen ao seu pagador a comunicación a que se refire o parágrafo segundo do artigo 88.1 deste regulamento, nin cando as cantidades se destinen á construción ou ampliación da vivenda nin a contas vivenda.»

Once. Engádesse unha disposición transitoria décimo primeira coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo primeira. *Minoración de pagamentos á conta por aplicación do réxime transitorio de dedución por investimento en vivenda habitual.*

1. Cando os contribuíntes destinen cantidades para a adquisición ou rehabilitación da súa vivenda habitual utilizando financiamento alleo, polas cales vaian ter dereito á dedución por investimento en vivenda habitual de acordo co establecido na disposición transitoria décimo oitava da Lei do imposto, a redución de dous enteiros do tipo de retención prevista nos artigos 86.1 e 88.1 deste regulamento aplicarase conforme a redacción de tales artigos en vigor en 31 de decembro de 2010.

Para tal efecto, deberase indicar esta circunstancia na comunicación a que se refire o artigo 88.1 deste regulamento. Non obstante, non será necesario que reiteren a comunicación ao mesmo pagador os contribuíntes que, tendo dereito á aplicación da redución de dous enteiros do tipo de retención por aplicación do disposto neste número, comunicasen esta circunstancia con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2011.

2. Cando os contribuíntes que exerzan actividades económicas destinen cantidades para a adquisición ou rehabilitación da súa vivenda habitual utilizando financiamento alleo, polas cales vaian ter dereito á dedución por investimento en vivenda habitual de acordo co establecido na disposición transitoria décimo oitava da Lei do imposto, a minoración para efectos de determinar o pagamento fraccionado a que se refire a letra d) do número 3 do artigo 110 deste regulamento aplicarase conforme a redacción de tal letra en vigor en 31 de decembro de 2010.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo:

Un. Engádesse unha letra g) ao número 1 do artigo 58 do Regulamento do imposto sobre sociedades, que queda redactado da seguinte forma:

«g) As rendas obtidas como consecuencia da redución de capital con devolución de achegas e da distribución da prima de emisión realizadas por

sociedades de investimento de capital variable reguladas na Lei de institucións de investimento colectivo non sometidas ao tipo xeral de gravame ou organismos de investimento colectivo equivalentes ás sociedades de capital variable rexistrados noutro Estado, con independencia de calquera limitación que tivesen respecto de grupos restrinxidos de investimentos, na adquisición, cesión ou rescate das súas accións, así como polas sociedades amparadas na Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios.»

Dous. Modifícase a letra g) do artigo 59 do Regulamento do imposto sobre sociedades, que queda redactado da seguinte forma:

«g) As rendas derivadas da distribución da prima de emisión de accións ou participacións efectuadas por entidades distintas das sinaladas na letra g) do número 1 do artigo 58 deste regulamento.»

Tres. Engádesse un novo número 6 bis ao artigo 60 do Regulamento do imposto sobre sociedades, que queda redactado da seguinte forma:

«6 bis. Nas operacións de redución de capital con devolución de achegas e de distribución da prima de emisión, realizadas por sociedades de investimento de capital variable reguladas na Lei de institucións de investimento colectivo non sometidas ao tipo xeral de gravame, deberá practicar a retención ou ingreso á conta a propia sociedade.

No caso de institucións de investimento colectivo reguladas pola Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios, constituídas e domiciliadas nalgún Estado membro da Unión Europea e inscritas no rexistro especial da Comisión Nacional do Mercado de Valores, para efectos da súa comercialización por entidades residentes en España, estarán obrigados a practicar retención ou ingreso á conta as entidades comercializadoras ou os intermediarios facultados para a comercialización das accións ou participacións daquelas e, subsidiariamente, a entidade ou entidades encargadas da colocación ou distribución dos valores, que interveñan no pagamento das rendas

Cando se trate de organismos de investimento colectivo equivalentes ás sociedades de investimento de capital variable rexistrados noutro Estado, con independencia de calquera limitación que tivesen respecto de grupos restrinxidos de investimentos, na adquisición, cesión ou rescate das súas accións, a obriga de practicar a retención ou ingreso á conta corresponderá á entidade depositaria dos valores ou que teña encargada a xestión de cobramento das rendas derivadas deles.

Nos supostos en que non proceda a práctica de retención ou ingreso á conta conforme os parágrafos anteriores, estará obrigado a efectuar un pagamento á conta o socio ou partícipe que reciba a devolución das achegas ou a distribución da prima de emisión. O mencionado pagamento á conta efectuarase de acordo coas normas contidas nos artigos 62.8, 63.1 e 64 deste regulamento.»

Catro. Engádesse un novo número 8 ao artigo 62 do Regulamento do imposto sobre sociedades, que queda redactado da seguinte forma:

«8. No caso das rendas a que se refire a letra g) do número 1 do artigo 58 deste regulamento, a base de retención será a contía integrable na base imponible calculada de acordo co establecido no número 4 do artigo 15 da Lei do imposto.»



**Artigo terceiro.** *Modificación do Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto 1776/2004, do 30 de xullo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto 1776/2004, do 30 de xullo:

Un. Engádese un número 2 bis ao artigo 10 do Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes, que queda redactado da seguinte forma:

«2 bis. Para efectos do disposto na letra b) do número 4 do artigo 31 da Lei do imposto, existirá obriga de reter ou ingresar á conta nos supostos de redución de capital social con devolución de achegas e distribución da prima de emisión de accións previstos no segundo parágrafo do artigo 75.3 h) do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 11 do Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Nas operacións sobre activos financeiros, nas transmisións de valores da débeda do Estado, nas transmisións e reembolsos de accións ou participacións representativas do capital ou patrimonio de institucións de investimento colectivo, incluídas as derivadas de accións ou participacións comercializadas en España de acordo coa Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, en réxime de libre prestación de servizos por sociedades xestoras autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea, e nos supostos de redución de capital social con devolución de achegas e distribución da prima de emisión de accións previstos no número 2.bis do artigo 10 deste regulamento, deberán practicar retención ou ingreso á conta os suxeitos obrigados a reter ou ingresar á conta de acordo co establecido no artigo 76.2, letras b, c, d e g), do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2011.

Dado en Madrid o 30 de decembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno  
e ministra de Economía e Facenda,  
ELENA SALGADO MÉNDEZ